

ORDENANZA FISCAL Nº 22 REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE MATRIMONIOS CIVÍS NAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS

Artigo 1. Fundamento e natureza.

De conformidade co previsto no artigo 20.4 do RDL 2/2004, o Concello de Narón establece a seguinte taxa reguladora dos servizos asociados á celebración de matrimonios civís nas dependencias municipais, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2. Feito imponible.

1. Será obxecto desta taxa o conxunto de servizos asociados á celebración de matrimonios nas dependencias municipais de Concello de Narón, especialmente a organización do acto polo departamento da Secretaría da Alcaldía-Protocolo.

2. Non se inclúe nesta taxa nin a tramitación do expediente gubernativo previo ao matrimonio civil nin a expedición posterior do libro de familia.

Artigo 3. Suxeito pasivo.

Están obrigados ao pagamento da taxa regulada nesta ordenanza os beneficiarios do servizo, entendéndose por tales os contraentes, que quedan obrigados solidariamente.

Artigo 4. Cota tributaria:

A cota pola prestación do servizo sinalada no artigo 2 da presente ordenanza ascende:

a) Se algún dos contraentes está empadroado no Concello de Narón	170,98 €
b) Noutro caso	228,04 €

Artigo 5. Obrigación de pagamento.

1. A obrigación de pagamento da taxa regulada nesta ordenanza nace no momento no que se inicia a prestación do servizo, entendéndose por tal a presentación da solicitude -que sempre facilitará o Negociado da Secretaría Particular da Alcaldía e Protocolo- no Rexistro Xeral do Concello.

2. Os solicitantes do servizo están obrigados a presentar a pertinente declaración nos impresos habilitados para tal efecto pola Administración tributaria local e a realiza-lo ingreso da liquidación resultante na Tesourería municipal ou nas entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar tamén no momento de presenta-la correspondente solicitude.

3. No suposto de que con posterioridade á presentación da solicitude os solicitantes desistisen do servizo solicitado procederase á devolución de oficio do 75 por 100 do importe sinalado no artigo 4 desta ordenanza, sempre que o comuniquen, de xeito fidedigno, cando menos cunha semana de antelación á data de celebración.

4. A celebración de vodas civís estará supeditado aos actos propios do Concello. A Alcaldía, mediante resolución, aprobará o regulamento no que se disporá o calendario, o réxime de delegacións nos membros da Corporación, e demais extremos relativos á prestación do servizo.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, data en que comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación.